

*Edición 1ª**Data de aplicación: 21/12/2011*

A. Obxecto

Definir a sistemática para a realización das auditorías internas do Sistema de Xestión de Prevención de Riscos Laborais (SXPRL).

B. Alcance

Todas as auditorías internas realizadas ao SXPRL da Universidade de Vigo, ou as actividades incluídas no mesmo.

C. Histórico de revisións


Edición primeira.

D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

	<i>Nome</i>	<i>Data</i>	<i>Selo e Sinatura</i>
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	M ^a . José Montero Vilariño. M ^a . del Carmen Álvarez González.	05/04/2010	
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011	
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011	

E. Contido



Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

F. Comentarios do gráfico

1- O plan xeral de auditorías internas elabórase cunha periodicidade mínima anual, e programaranse polo menos 6 auditorías por ano, respectando, en todo caso, as seguintes condicións no seu establecemento, e distribución:

No Campus de Vigo

- Realización de polo menos unha auditoría interna en calquera dos centros a seleccionar de entre os encadrados no ámbito científico, agregando os centros de investigación (tanto o CACTI, como ECIMAT, e a Biblioteca Universitaria).
- Realización de polo menos unha auditoría interna en calquera dos centros a seleccionar de entre os encadrados no ámbito tecnolóxico, agregando a Escola Universitaria Técnica de Enxeñería Industrial do ámbito de Torrecedeira.
- Realización de polo menos unha auditoría interna en calquera dos centros a seleccionar de entre os encadrados no ámbito xurídico social, agregando a Escola Universitaria Estudos Empresariais do ámbito de Torrecedeira.
- Non coincidirán dous auditorías internas no ámbito de Torrecedeira, agás cunha de elas, se agregue ás que conformen as mínimas esixidas.
- Realización de polo menos unha auditoría interna en calquera dos centros a seleccionar de entre os non encadrados nos casos anteriores (centros cunha administración asumida de forma directa pola Xerencia).

No Campus de Pontevedra

- Realización de polo menos unha auditoría interna en calquera dos centros de dito campus.

No Campus de Ourense

- Realización de polo menos unha auditoría interna en calquera dos centros en dito campus.

Deberanse auditar internamente todos os centros antes de repetir a auditoría interna nun centro, agás que a auditoría interna que supoña a repetición agréguese ás que conforman as mínimas esixidas.

2- O auditor/a interno, poderá ser designado entre o persoal interno da Universidade de Vigo, ou poderá optarse pola súa contratación externa. Os requisitos para ser auditor/a interno do SXPRL, son os determinados a continuación:

- Ser independente da área a auditar.
- Ser Técnico Superior en PRL (tres especialidades técnicas)
- Dispoñer de formación específica mínima de 50 horas, en sistemas de xestión de seguridade e saúde no traballo, e auditorías internas (OHSAS).
- Experiencia mínima de tres auditorías internas.
- Experiencia profesional mínima dun ano en servizos de prevención de riscos laborais, desenvolvendo tarefas de Técnico Superior de PRL.

3- A comunicación por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais ao auditor/a interno, da súa designación, (ou da contratación externa) deberá facerse cunha antelación mínima de 30 días.

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

4- A responsabilidade da súa contratación recae na representación da alta dirección para o SXPRL, sen prexuízo de que delegue noutros postos a súa efectiva realización.

5- A coordinación da data, e o envío do programa da auditoría interna por parte do auditor/a interno ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, deberá efectuarse, cunha antelación mínima de 15 días.

6- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais, coordinará a data de realización da auditoría interna tanto co/coa responsable de PRL do centro, como, a través do Presidente/a e Secretario/a do Comité de Seguridade e Saúde, a asistencia dos delegados/as de prevención á auditoría interna.

7- Durante a auditoría interna, o auditor/a interno estará asistido polo/a Responsable de PRL do centro, ou en quen este/a delegue a súa representación. Ademais, poderán asistir tanto os membros do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, como os delegados/as de prevención que sexan oportunos.

8- O auditor/a interno terá acceso a todas as áreas a auditar, e deberán serlle facilitados todos os datos e evidencias obxectivas que precise para o correcto desenvolvemento da auditoría interna.

9- Ante a imposibilidade de realizar a auditoría planificada cunha marxe de desvío tolerado de ata 30 días, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais establecerá a acción correctiva oportuna en cada caso.

10- A remisión do informe de auditoría interna por parte do auditor/a interno ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, non poderá exceder do prazo de 15 días. A remisión do informe de auditoría interna por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, ao Responsable de PRL do centro auditado, non excederá os 5 días dende a súa recepción por parte de aquel.

11- Nos casos que a auditoría interna sexa contratada externamente, serán válidos os documentos propios empregados polo auditor/a interno (programa de auditoría interna, e o informe de auditoría interna), sen necesidade de utilizar os documentos internos establecidos ao efecto polo SXPRL.

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

G. Rexistros

<i>Identificación</i>	<i>Arquivo</i>	<i>Responsable</i>	<i>Recuperación</i>	<i>Tempo</i>
DRPRL-16-01 Plan xeral de auditorías internas	Oficina SPRL Soporte papel / soporte informático	SPRL	Por tempo	5 anos
DRPRL-16-02 Programa de auditoría interna	Oficina SPRL Soporte papel / soporte informático	SPRL	Por tempo	5 anos
DRPRL-16-03 Informe de auditoría interna	Oficina SPRL Soporte papel / soporte informático	SPRL	Por tempo	5 anos

H. Indicadores

Indicador: Cumprimento de programación de auditorías internas

<i>Definición (ratio)</i>	<i>Unidade de medición</i>	<i>Valor de referencia</i>	<i>Responsable do seu seguimento</i>	<i>Periodicidade</i>
(Nº de auditorías internas reprogramadas / Total de auditorías internas programadas) x 100	Puntos porcentuais	< 20%	CSS	Anual